



Estimada familia:

Constituída a Xunta Electoral do IES Concepción Arenal, procedemos a achegarlles información dalgunhas das competencias do Consello Escolar e do calendario do proceso electoral.

Competencias do Consello Escolar:

Segundo aparece recollido na LOMCE (LEI 8/2013, do 9 de decembro), os Consellos Escolares terán, entre outras, as seguintes atribucións:

- Avaliar o proxecto educativo do centro.
- Avaliar a programación xeral anual.
- Coñecer as candidaturas e os proxectos de dirección e participar na selección do director ou directora do centro, ser informado do nomeamento e cese dos demais membros do equipo directivo e, no seu caso, propoñer a revogación do nomeamento do director ou directora.
- Informar sobre a admisión do alumnado.
- Coñecer a resolución de conflitos disciplinarios e velar que se atean á normativa vixente.
- Propoñer medidas que favorezan a convivencia no centro.
- Promover a conservación e renovación das instalacións e do equipamento escolar e informar a obtención de recursos complementarios.
- Informar das directrices para a colaboración, con fins educativos e culturais, coas Administracións locais, con outros centros, entidades e organismos.
- Analizar e valorar o funcionamento xeral do centro, a evolución do rendemento escolar e os resultados das avaliacións internas e externas nas que participe o centro.
- Elaborar propostas e informes.

Calendario do proceso electoral:

Estas son as datas máis relevantes do proceso electoral:

- Publicación dos censos electorais e reclamacións aos mesmos do 30 de outubro ao 6 de novembro.
- Presentación de candidaturas do 1 ao 8 de novembro na Secretaría do Centro, na que atoparán os impresos para presentalas.
- Publicación das candidaturas o 11 de novembro.
- Sorteio dos membros das mesas electorais o 11 de novembro ás 12:10 horas, na Sala de Xuntas do instituto.
- **Votacións: 19 de novembro. Poderán votar pai e nai. O horario será de 18:30 a 20:30.**

Esperando contar coa súa participación reciban un cordial saúdo.

O director, presidente da Xunta Electoral do Centro,

Jesús Mª Máiz San Martín.